

NOTA DE PRENSA

UNICEF Comité Galicia proporciona subministracións para a atención médica en Gaza co apoio da Xunta de Galicia

Hospitals, centros de atención fixos ou móbiles e outros lugares de refuxio recibirán subministracións sanitarias de emerxencia para atender as necesidades urxentes dos nenos, nenas e familias



Imaxes dispoñibles [AQUÍ](#)

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2024 – A Xunta de Galicia, no marco do convenio asinado con UNICEF España o pasado 15 de xullo para atender as necesidades máis urxentes das poboacións afectadas por catástrofes e crises humanitarias, está a colaborar con UNICEF Comité Galicia para reforzar a atención médica esencial que necesitan os nenos, as nenas e familias afectados pola violencia na Franxa de Gaza.

Neste sentido, estarase a prestar apoio para contribuír ao cumprimento do dereito á supervivencia da infancia mediante a adquisición e distribución de subministracións sanitarias nos hospitais e centros de saúde, centros de atención fixos e móbiles, refuxios habilitados e zonas onde se atopa a poboación desprazada.

A intensificación das hostilidades na Franxa de Gaza segue supoñendo unha grave ameaza para os nenos e as nenas, que seguen morrendo e resultando feridos todos os días. Desde o 7 de outubro de 2023, ata 1,9 millóns de persoas (ou nove de cada dez) en toda a Franxa de Gaza son desprazados internos, incluídas persoas que foron desprazadas repetidamente ata 10 veces.

Só 16 dos 36 hospitais funcionan parcialmente, e a 12 deles só se pode acceder parcialmente debido á inseguridade e a barreiras físicas como danos nas entradas de pacientes e ambulancias e nas estradas circundantes. Durante máis de seis semanas consecutivas non houbo ningún hospital operativo en Rafah.

As mulleres embarazadas e os recentemente nados son especialmente preocupantes: calcúlase que hai 50.000 mulleres embarazadas en Gaza, e máis de 180 dan a luz cada día. Estas mulleres non poden acceder aos servizos obstétricos de urxencia que necesitan para dar a luz en condicións seguras e coidar dos seus bebés. As mulleres teñen que dar a luz en refuxios, nas súas casas, nas rúas entre cascallos, ou en instalacións sanitarias desbordadas, onde o saneamento empeora e aumenta o risco de infeccións e complicacións médicas.

“Miles de nenos e nenas máis poderían morrer debido á falta de servizos esenciais e a unha maior interrupción da axuda humanitaria. Necesitamos que os últimos hospitais, refuxios, mercados e sistemas de abastecemento de auga que quedan en Gaza sigan funcionando. Sen eles, a fame e as enfermidades dispararanse, cobrándose máis vidas infantís. É urxente protexerlles”, afirmou Irene Marín, coordinadora de UNICEF Comité Galicia.

Aliñado co plan de continxencia interinstitucional para Gaza, UNICEF está a responder a gran escala con auga, saneamento e hixiene, nutrición, saúde, protección da infancia e diñeiro en efectivo para fins múltiples, á vez que prepara o regreso dos nenos e as nenas á escola. Co apoio da Xunta de Galicia, UNICEF céntrase na adquisición e distribución de subministracións médicas entre os que se atopan kits de primeiros auxilios para tratar diferentes lesións e doenzas menores, kits para os coidados esenciais de recentemente nados sen complicacións e tamén para a atención médica de prematuros, así como kits de parto, cada un deles destinado a atender 100 partos, incluídos 50 con dificultades.

UNICEF fai un chamamento a todas as partes en conflito para que cumpran coas súas obrigacións en virtude do dereito internacional humanitario. Isto inclúe ter o máximo coidado para protexer aos civís e a infraestrutura civil, para satisfacer as necesidades esenciais da poboación e facilitar un acceso humanitario rápido, seguro e sen obstáculos.

- Para colaborar co traballo de UNICEF polos nenos de Gaza: <https://www.unicef.es/colabora/unidos-por/unidos-por-gaza>

Acerca de UNICEF

UNICEF traballa nalgúns dos lugares máis difíciles para chegar ás nenas e nenos máis desfavorecidos do mundo. En 190 países e territorios, traballamos para cada neno, en todas partes, cada día, para construír un mundo mellor para todos.

Para máis información

Irene Marín

UNICEF Comité Galicia, Tel:(+34) 660 920 679

E-mail: imarin@unicef.es

Para recursos audiovisuais, subscríbete á canle de Telegram UNICEF España Multimedia / Máis información e recursos, na nosa nova sala de prensa www.unicef.es/prensa

www.unicef.es

Síguenos en [Facebook](#) [Twitter](#) [Youtube](#) [Instagram](#) [Linkedin](#)